

**21.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE MAIO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora Accidental:**

D. MARIA DEL CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ

**Ausentes:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 20/2016 DE 10 DE MAIO DE 2016.**

Acordouse aprobar a acta núm. 20/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local, de data 10 de maio de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE OBRA.**

**2.1.-** Acordouse **DENEGAR A LICENZA DE OBRA** solicitada para a construción de taller destinado a carpintería metálica en Muimenta-Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe desfavorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 10/05/16.

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.**

**3.1.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** presentada por VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. para servizos de telefonía móbil na estrada da Romea-Botos con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe de comprobación do técnico municipal de data 22/04/16.

### **4.- INFORME PREVIO.**

**4.1.-** Acordouse **aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal**, de data 4 de maio de 2016, emitido unha vez examinada a petición formulada polo Ministerio de Fomento (Unidade de Estradas en Pontevedra), a instancias de Gas Galicia SDG, S.A, na que solicita informe previo municipal sobre outorgamento de autorización para ampliación de rede de distribución de gas na N-525.

### **5.- INFORME URBANÍSTICO.**

**5.1.-** Acordouse **aprobar o informe técnico municipal** de data 25/04/16, examinada a petición formulada por interesado na que solicita certificación acreditativa da non existencia de expediente de infracción urbanística nos últimos dez anos, nunha edificación na rúa Areal, 58–Lalín. Así mesmo acordouse aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 28/04/2016 por importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 09/05/2016 por importe de 650 euros en concepto de taxa (complementaria) por expedición de certificación urbanística.

### **6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**6.1.-** Acordouse **inadmitir a proposta presentada por MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.** por non aceptar de forma incondicionada as cláusulas Previstas no Prego de Cláusulas administrativas Particulares e do Prego de Prescricións Técnicas, e **declarar deserto o expediente de contratación denominado “SEGURO SOBRE A FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE LALÍN”.**

## **7.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.**

Acordouse **autorizar e formalizar a relación de contratos de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador** presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, ESPINA Y DELFÍN S.L.

## **8.- FACTURAS E CONTAS.**

### **8.1.- Acordouse aprobar as seguintes relacións de facturas:**

Relación nº 00059 por importe de 56.028,55 €.  
Relación nº 00060 por importe de 50.292,20 €.  
Relación nº 00061 por importe de 503,30 €.  
Relación nº 00062 por importe de 17.776,42 €.  
Relación nº 00063 por importe de 1.143,29 €.

## **9.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**9.1.-** Acordouse **solicitar unha subvención** ao abeiro da Orde do 31 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria, cumpre acollerse a mesma.

**9.2.-** Acordouse **adherir o Concello de Lalín ao Programa Depo Rúarte 2016**, da Deputación de Pontevedra, e solicitar a actividade ofertada no catálogo do programa denominada “Graffiti”.

**9.3.-** Acordouse estimar a reclamación formulada por interesado, aceptando de plano o **desistimento da solicitude de licenza de obra** para a construción dun taller destinado a carpintería metálica en Muimenta-Lalín e proceder á devolución de 1.101,65 € abonados en concepto de liquidación provisional do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, mediante transferencia bancaria ó número de conta indicado polo interesado.

**9.4.-** Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento** para persoas con minusvalía a favor de interesado, co número 10/2016, con carácter provisional ata o 18/05/2017.

**9.5.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade á persoa solicitante por importe de 200 €

a aboar en efectivo.

**9.6.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade á persoa solicitante por importe de 150 € a aboar en efectivo.

**9.7.-** Acordouse aprobar a **liquidación complementaria** correspondente á Taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos correspondente á tarifa 1d) por importe de 650 euros.

**9.8.-** Acordouse aprobar e ordenar que se poña ao cobro o padrón fiscal das **taxas por abastecemento de auga e de sumidoiros** (1º Trimestre 2016) por un importe total de **287.513,92 €**.

**9.9.-** Acordouse **estimar parcialmente a alegación presentada por interesado fronte ao expediente de Modificación do PLAN PARCIAL Estrada de Lugo, SUE-4 do PXOM de Lalín (Pontevedra)**, e abrir unha nova fase de exposición ao público o expediente e polo prazo de un mes, inseríndose anuncio no DOG e nun periódico, e notificar a todos os afectados, titulares catastrais incluídos, para que poidan examinar o expediente e formularen, no seu caso, as alegacións que consideren convenientes. Acordouse tamén instar aos servizos técnicos municipais a investigar a filtración de auga no muro indicado, as súas consecuencias e actuacións a realizar.

## **10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**10.1.-** Acordouse **conceder autorización municipal para pechar ao tráfico** a rúa entre o cruce da Avda. Bos Aires e Pintor Laxeiro ata o cruce da Avda. Bos Aires coa rúa da Estación, prohibindo o aparcamento na Avda. Bos Aires entre os números 32 ata o 56, os dous incluídos (coincidindo co corte na rúa do antigo correos e coa rúa F), o día 23 de xuño de 2016 dende as 12:00 horas do mediodía ata as 08:00 horas da mañá do día 24 de xuño de 2016, para a celebración do San Xoán da Cacharela. Acordouse así mesmo a sinalización entre as rúas entre a rúa F e a rúa P, deixando paso para os garaxes dos vehículos dos residentes.

**10.2.-** Acordouse **conceder autorización municipal, para pernoctar en Lalín no pavillón municipal** un grupo 30 xóvenes cos seus monitores o día 15 de xullo de 2016.

**10.3.-** Acordouse **conceder autorización municipal para pernoctar en Lalín no pavillón municipal** un grupo 30 xóvenes cos seus monitores o día 5 de

xullo de 2016.

**10.4.-** Acordouse **conceder autorización municipal para o uso do Aula Cemit no Auditorio Municipal de Lalín**, os días 26 e 27 de maio de 2016 e os días 2, 3, 9, 10 e 16 de xuño de 2016, en horario de 16:30 ás 20:50, e celebrar alí un Curso de poda e propagación de plantas en Lalín.

**10.5.-** Acordouse **conceder autorización municipal a persoa solicitante, para realizar na rúa Rosalía de Castro unha Masterclass a favor de Aspadeza** dende as 19:00 horas cunha duración aproximada de dúas horas media o día 5 de xuño de 2016 (domingo).

**10.6.-** Acordouse **conceder autorización municipal para a proxección de 2 horas de cortometraxes na rúa Colón número 9**, o día 23 de maio de 2016 sobre as 22:00 horas.

**10.7.-** Acordouse **conceder autorización a un traballador municipal para poder asistir a unha xornada** sobre “Responsabilidade Civil, penal e administrativa en prevención de riscos laborais” que se celebrará o día 20 de maio de 2016, no centro do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral en Rande-Redondela (Pontevedra), así como o pagamento das dietas e indemnizacións que legalmente procedan.

**10.8.-** Deuse conta do escrito remitido polo Concello de A Golada, en relación co expediente de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal que se está tramitando nese Concello, no cal se da audiencia por un prazo de quince días ó Concello de Lalín para que se presente nas dependencias dese Concello e examine o expediente aos efectos de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes.

**10.9.-** Deuse conta da sentenza núm. 101/2016 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra procedemento ordinario 281/15.

**10.10.-** Acordouse conceder **autorización municipal ao solicitante para acceder á documentación** en relación coa obra denominada “AMPLIACIÓN DO AUDITORIO E CONSERVATORIO MUNICIPAL DE LALIN”.

**10.11.-** Deuse conta do escrito remitido pola FEGAMP para informar da prorroga ó acordo que ven mantendo con con Correos ata o 31 de decembro de 2016, sobre os Descontos ofertados por Correos á Federación Galega de Municipios e Provincias.

---